


Ola, son **Manuel Gago** e o 3 de febreiro de 2012 estarei na Biblioteca Central Rialeda para falar sobre **“Repúblicas de Homes Libres: na procura dos viquingos en Galicia”**.

Nesta sinxela guía podes consultar algúns libros e DVD que a biblioteca seleccionou para ti relacionados con esta charla científica.




“Os viquingos en Galicia”, de Pepe Carreiro

Ata aquí chegaron estes personaxes procedentes das nevadas terras escandinavas. Os viquingos, que podería significar, *xente das rías*, invadiron varias veces Galicia. A invasión de Olaf, acompañado dos tripulantes destes barcos rematados na súa proa por unha figura de dragón, que por certo, retiraban para navegar en alta mar, foi a máis violenta e horrible de todas cantas houbo.


“Colegas de otro tiempo: los vikingos”, de Laura Buller

Case todo sobre estes experimentados navegantes que asombraron ao mundo coas súas naves e os seus coñecementos do mar; aí che vai o título dalgún capítulo: *Moda vikinga, Rollo cósmico, Harald el Greñudo, ¿Quién manda aquí?, Cuando le robaron el martillo a Thor*, etc. Aviso: se o abres estás perdido/a, non poderás parar de ler.



“Deuses e heroes da mitoloxía viquinga”, de Brian Branston

Imos cun pouco da súa mitoloxía. Os/as viquingos/as cren que os deuses protexen cada anaco das súas vidas. Deuses e homes viven en mundos distintos, nas pólas dunha grande árbore chamada *Yggdrasil* (árbore do universo). Este libro, espléndidamente ilustrado, preséntanos 28 historias de deuses e heroes do mundo viquingo.



“Kika superbruja y los vikingos”, de Knister e “La saga de Fiólmod el intrépido” de Kristinn R. Ólafsson

Os pobos viquingos inspiraron un número importante de obras literarias e pelis de cine. Presentámooche estas dúas, a primeira para os/as rapaces/as de 10 a 12 anos e a segunda, se tes de 12 anos en adiante.

Atrévete a viaxar ao mundo dos viquingos!!!



“Os viquingos en Galicia” de Jorge Simón Izquierdo Díaz e “Os viquingos en Galicia: mito e realidade” do Proxecto Galicia

Esenciais estas dúas obras para profundizar na forma de vida dos pobos viquingos: *Os viquingos e o mar*, *A cidade viquinga*, *As ruínas*, *Idioma e poesía*, *Roupas e vestidos*, *A Galicia invadida*, *A pegada viquinga*: lembremos que cada primeiro domingo de agosto rememórase o ataque normando ao *Castellum Honesti* na vila de Catoira.




“Saga de Nial”; “La saga de los groenlandeses”, “La saga de Eirik el Rojo” e “Yo, Eric el Rojo”

Tedes aquí unha biografía novelada narrada en primeira persoa sobre a figura de Eric, descubridor e colonizador de Groenlandia e dúas sagas, que son relatos de cousas sucedidas, historias rexistradas en palabras. Orixinarias de Islandia, teñen un gran valor histórico e literario e proporcionan moita información sobre as viaxes dos seus protagonistas, das novas terras que visitaron e da aventura viquinga da que forman parte.

“Los barcos viquingos”, de Ian Atkinson

Especial atención merecen as naves viquingas: os seus barcos eran lixeiros e veloces, e utilizados para o comercio ou a guerra, eran o suficientemente robustos como para soportar unha formenta no mar á vez que áxiles para poder remontar un río. Atravesan océanos coa axuda das velas e utilizan os remos cando falla a forza do vento ou necesitan manobrar con precisión.



“Érase una vez el hombre: los vikingos”, “Erik el vikingo”, “Astérix y los vikingos”, “Wickie el vikingo”

Un documental da serie *Érase un vez el hombre*, Un capítulo de *Astérix e os viquingos* que pretenden desembarcan na Galia, a peli en clave de comedia *Erik el vikingo* (para maiores de 13 anos), e non podía faltar un capítulo de *Wickie el vikingo*, serie de animación xermano-xaponesa dos anos 70 do pasado século protagonizada por un neno que consegue sacar aos habitantes da súa aldea de moitos enredos grazas ao seu enxeño.